



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingua galega

Materia	Lingua galega			
Código	O05G120V01404			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinalle OB	Curso 2	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Gutierrez Izquierdo, Jose Ramon			
Profesorado	Gutierrez Izquierdo, Jose Ramon			
Correo-e	ramong@uvigo.es			
Web				
Descripción xeral	A especialidade de Grao en Educación Infantil esixe que o futuro docente posúa, ademais dunha ampla formación en aspectos psicopedagóxicos, un dominio cabal da ferramenta básica e imprescindible na comunicación: a lingua. Tal competencia é condición sine qua non para a transmisión de coñecementos e para formar os discentes dun xeito integral. Tres son as destrezas que os profesores deben perfeccionar nas aulas para alcanzar os obxectivos inherentes á aprendizaxe desta materia: a capacidade lectora (comprensión, ritmo, dicción), a expresión oral (corrección, claridade, fluidez) e a expresión escrita (corrección, cohesión, propiedade).			
	O futuro mestre de Educación Infantil deberá, polo tanto, adquirir un nivel adecuado de lingua galega que lle permita o dominio das destrezas arriba sinaladas (lectura expresiva, expresión oral e expresión escrita) para levar a cabo unha tripla tarefa: utilizar a lingua galega como lingua normal no ensino, servir de modelo de corrección lingüística aos seus alumnos e detectar e corrixir os erros que estes poidan cometer na lingua oral e na escrita			

## Competencias de titulación

Código	
A2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
A5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
A6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de tutoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagógicos e sociais ao longo da vida
A11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B4	Coñecemento de lingua estranxeira
B7	Resolución de problemas
B11	Habilidades nas relacións inter persoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B15	Aprendizaxe autónoma
B17	Creatividade
B18	Lideranza

<b>Competencias de materia</b>	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resultados previstos na materia		
Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	A4 A6	B3 B11 B13 B14
Falar, ler e escribir correcta e axeitadamente en galego.	A4 A5 A6 A11	B1 B2 B3 B11 B13 B15
Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita para mellorar as competencias orais e escritas e, especialmente, para mellorar a redacción de textos académicos.	A5 A6 A11	B1 B3 B13 B17
Coñecer a fonética e a ortografía da lingua galega.	A6	B3 B15
Coñecer a gramática da lingua galega.	A2 A6 A11	B1 B3 B12 B15
Coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.	A5 A6 A11	B3 B18
Comprender as regras de formación de palabras polas que a lingua galega enriquece o seu vocabulario por vía interna.	A6	B1 B3 B7
Coñecer e utilizar adecuadamente un léxico suficiente para expresarse con precisión na exposición oral e na redacción de textos.	A2 A4 A6	B3 B4 B7 B11 B12 B15

<b>Contidos</b>	
Tema	
Fonética e ortografía	O uso das grafías e o sistema fonético galego. A acentuación gráfica. Palabras de ortografía dubidosa. Os signos de puntuación.
Gramática	Substantivo e adjetivo. Artigo. Pronome persoal. Demostrativo. Posesivo. Indefinidos e numerais. Relativos, interrogativos e exclamativos. O adverbio. O verbo. O infinitivo conxugado. As perifrases verbais. Os elementos de relación: preposicións e conxuncións. A sintaxe oracional. Concordancia nominal e correlación verbal. A construcción da oración.
Léxico e Formación de palabras	Palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos. Grupos consonánticos. Sufixos e terminacións. Familias léxicas irregulares. Interferencias léxicas. Neoloxismos. A precisión léxica: selección do léxico, incorreccións comúns, tópicos e abusos. Procesos de formación de palabras e morfoloxía léxica. Derivación: prefixación e sufixación. Parasíntese. Composición. Outros procedementos.

<b>Planificación</b>	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	13	17	30
Traballos tutelados	1	10	11
Presentacións/exposicións	0	10	10
Actividades introductorias	6	0	6
Estudos/actividades previos	3	12	15
Sesión maxistral	26	48	74
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Traballos e proxectos	1	0	1
Probas de tipo test	1	0	1
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	<b>Descripción</b>
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas clases prácticas corríxense os exercicios (iniciados na aula ou na casa tras o estudo da materia), e despois coméntanse as dúbihdas que puidesen quedar. Cada novo exercicio recolle aspectos esenciais do tema recén tratado e aspectos varios dos temas anteriores para propiciar unha retroalimentación da aprendizaxe.
Traballos tutelados	Elaboración dun texto escrito seguindo unha destas modalidades: o enfoque creativo do narrador-autor ou o enfoque expositivo e crítico do xornalista-ensaísta. Trátase de aprender os procedementos específicos e os procedementos comuns de ambos os dous enfoques: como se elabora un texto, cales son as técnicas para citar apropiadamente, de que maneira se debe proceder á hora de transmitir unha información, cales son as pautas axeitadas para a presentación dun traballo escrito, en que consiste a corrección lingüística, a cohesión estrutural e o uso axeitado dos signos de puntuación.
Presentacións/exposicións	Exposición oral dun tema de libre elección durante un mínimo de dez minutos. O tema debe ter o prace previo do profesor e ha de figurar na parte posterior da ficha.
Actividades introductorias	Presentación do sistema de traballo que debe interiorizar cada alumno para conseguir uns bons resultados. Avaliación inicial mediante un modelo de exame semellante ao que o discente deberá afrontar para superar a materia. Explicación das modalidades básicas na elaboración dun texto escrito.
Estudos/actividades previos	Lectura individual de tres obras literarias, que o profesor indicará cando comece o curso.
Sesión maxistral	Desenvolvemento do programa da materia, con especial atención á gramática do idioma.

<b>Atención personalizada</b>	<b>Metodoloxías</b>	<b>Descripción</b>
Sesión maxistral		Orientacións sobre os criterios para a elección do tema oral e daqueles aspectos que o alumno debe ter en conta: interese da proposta, exposición formal do tema, fluidez e corrección lingüística. Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula ou a calquera dúvida referida aos exercicios que contén a Guía de ortografía e morfosintaxe que se pon a disposición dos alumnos.
Resolución de problemas e/ou exercicios		Orientacións sobre os criterios para a elección do tema oral e daqueles aspectos que o alumno debe ter en conta: interese da proposta, exposición formal do tema, fluidez e corrección lingüística. Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula ou a calquera dúvida referida aos exercicios que contén a Guía de ortografía e morfosintaxe que se pon a disposición dos alumnos.
Traballos tutelados		Orientacións sobre os criterios para a elección do tema oral e daqueles aspectos que o alumno debe ter en conta: interese da proposta, exposición formal do tema, fluidez e corrección lingüística. Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula ou a calquera dúvida referida aos exercicios que contén a Guía de ortografía e morfosintaxe que se pon a disposición dos alumnos.

<b>Avaluación</b>	<b>Descripción</b>	<b>Cualificación</b>
-------------------	--------------------	----------------------

Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame de tipo práctico: corrección dun texto sen puntuar, dunhas 20-24 liñas, que presenta errores ortográficos, morfológicos, sintácticos e léxicos. O alumno debe reescribilo nun galego normativo, poñendo os signos de puntuación precisos e sen modificar o léxico nin a sintaxe, a menos que sexa imprescindible para a corrección do texto. Superar este exame cun mínimo de 4,5 permite pasar á proba oral. Baremo: 0 errores: 10 1 erro: 9,5 2 errores: 9 3 errores: 8,5 4 errores: 8 5 errores: 7,5 6 errores: 7 7 errores: 6,5 8 errores: 6 9 errores: 5,5 10 errores: 5 11 errores: 4,5 12-15 errores: 4 16-17 errores: 3,5 18-19 errores: 3 20-21 errores: 2,5 22-23 errores: 2 24-25 errores: 1,5 26-27 errores: 1 28-29 errores: 0,5	25
Traballos e proxectos	Elaboración dun documento de expresión escrita: estrutura, construcción sintáctica, cohesión, propiedade léxica, emprego axeitado de signos de puntuación. O texto mecanografiado (20-23 liñas) presentarase conforme ás normas e aos modelos explicados na aula. O alumno entregará este escrito cando se presente á proba de expresión oral. Baremo: Cada erro de ortografía, morfosintaxe ou de procedementos suporá a perda de 1 punto. Cualificación mínima para superar a proba: 4,5	25
Probas de tipo test	Probas tipo test de comprensión lectora de 3 libros. Trátase de probas tipo test con 10 preguntas con 4 respuestas cada unha, das que só unha é correcta. Baremo: 0 errores: 10 1 erro: 8,5 2 errores: 6,5 3 errores: 4,5 4 errores: 2,5 5 errores: 0 En cada proba haberá unha pregunta que mide a comprensión dun aspecto clave da obra: a resposta equivocada resta 2 puntos da nota resultante. Cualificación mínima para cada obra de lectura: 4,5 Baremo para as repeticións desta proba ou para os alumnos que non se presentaron na data prevista: 0 errores: 6 1 erro: 5'5 2 errores: 5 3 errores: 4 A pregunta clave resta 1 punto sobre a nota final	25
Probas de resposta longa de desenvolvemento	Exercicio de expresión oral: Exposición dun tema libre, que debe ter o previo prace do profesor. A duración do relatorio non pode ser inferior a dez minutos. Despois, o alumno deberá responder por extenso a dúas preguntas. Os alumnos deben empregar un rexistro culto. Valóranse a corrección lingüística, a fluidez, o interese do tema e a exposición formal. Cualificación mínima: 4,5	25

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### Orientacións aos alumnos

Todo o que comente o profesor na aula en relación coa lingua constitúe materia de estudo. Tamén o vocabulario que aparece nos exemplos e nos exercicios. A *Guía de ortografía e morfosintaxe* é un esquema para o seguimento das clases.

Advírtese que pode ter engadidos ou modificacóns en cada novo curso académico.

Os alumnos que aproben os tres libros e non superen a materia neste curso deberán repetir os exames de **todos** os libros no curso seguinte, nas datas que se publicarán a tal efecto, a menos que aproben os tres libros con 8'5 como cualificación mínima en todos: neste caso manterán a nota neste apartado ata a fin dos seus estudos.

Todas as notas estarán expostas durante un mes no **despacho (Edificio 2, planta baixa, nº 6)**. Os estudiantes deben ser responsables e preocuparse de coñecelas e de apuntalas. Por iso, o profesor non atenderá a preguntas relativas ás cualificacións de cadaquén (nin no presente curso nin nos sucesivos).

A finais de curso farase un exame na aula ao que terán dereito os alumnos que teñan menos de 6 faltas de asistencia: *non se admiten xustificacóns de faltas de asistencia ás aulas por ningún motivo, calquera que este sexa*. Quen supere esta proba non terá que acudir ao **Exame** oficial. Se algún alumno cumple os requisitos para presentarse a esta proba e por calquera causa (aínda que estea xustificada) non comparece, perde todos os dereitos ao respecto e debe presentarse ao exame oficial.

### **Convocatorias e Calendario de exames**

A ficha persoal, cos datos persoais, a foto pegada e a proposta de tema oral na parte posterior, debe entregarse no mes de xaneiro. Non se recolle despois deste tempo.

Alumnos que cursen por vez primeira lingua galega: quedan convocados ás 17 horas na primeira titoría de xaneiro.

Alumnos NON ASISTENTES, por motivos laborais ou doutra índole: quedan convocados no despacho (Pavillón 2) o último sábado de xaneiro ás 17 horas. Non se admiten excepcións. O SISTEMA DE AVALIACIÓN É O MESMO PARA OS NON ASISTENTES. ÍDEM AS DATAS DOS EXAMES, TANTO OS OFICIAIS COMO OS QUE FIGURAN DESEGUIDO.

Titorías: Horario na páxina web da Facultade: [webs.uvigo.es/educacion-ou](http://webs.uvigo.es/educacion-ou)

Probas tipo test de lectura:      **1ª primeiro xoves lectivo de febreiro**

**2ª primeiro xoves lectivo de marzo**

**3ª primeiro xoves lectivo de abril**

Traballo de expresión escrita: **segundo xoves lectivo de febreiro.** Inaprazable.

Exame oficial de tipo práctico: finais de curso. As datas e os horarios precisos pódense consultar na páxina da Facultade: [webs.uvigo.es/educacion-ou](http://webs.uvigo.es/educacion-ou). Inaprazable. Proba oficial.

Exposición oral: nos días seguintes ao exame oficial, unha vez que se faga pública, no despacho do profesor, a lista de aprobados do exame oficial. É entón cando deben presentar tamén o traballo mecanografiado, de acordo cos criterios sinalados na *Guía de ortografía e morfosintaxe*.

O SISTEMA DE AVALIACIÓN MANTENSE IDÉNTICO PARA A CONVOCATORIA de XULLO.

NA CONVOCATORIA DE XULLO UNICAMENTE SE AVALIARÁN AS COMPETENCIAS OU ACTIVIDADES NON SUPERADAS NA CONVOCATORIA CORRESPONDENTE AO CUADRIMESTRE.

A SUPERACIÓN DO Exame Práctico PERMITE CONSERVAR ESA NOTA para os seguintes cursos académicos. Nese caso mantéñense tamén, se están aprobadas, as notas da Comprensión Lectora, da Expresión escrita ou da Exposición oral. ESTAS PRERROGATIVAS PÉRDENSE se na Exposición oral a duración do relatorio é inferior aos dez minutos obrigados.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

Gutiérrez Izquierdo, Ramón, **Lingua Galega: Guía de ortografía e morfosintaxe**, Ed. do autor,  
Beltrán Carballera, R., **Manual práctico de galego**, A Coruña, Baía, 2006,  
Feixón Cid, X., **Gramática da lingua galega. Síntese práctica**, Vigo, Xerais, 2004,  
Palacio Sánchez, X.A. e Xove, X., **Dicionario da lingua galega**, Vigo, Obradoiro-Santillana, 2005,  
VV.AA., **Dicionario castelán-galego de usos, frases e sinónimos**, Vigo, Xerais, 2007,

---

---

### **Recomendacións**

## **Outros comentarios**

---

### Estratexias de aprendizaxe

Os estudantes que queiran superar a materia sen dificultades deben atender aos seguintes consellos:

- \* O rendemento depende do estudo continuado da materia. É case imposible asimilar toda a materia mediante o estudo intensivo ao final do curso académico. A dificultade é maior se non se asiste ás clases ou se posterga a materia para outras convocatorias.
  - \* Os alumnos deben realizar individualmente os exercicios que propón o profesor, sen consultar cos compañeiros nin recorrer ao material de estudo. Os exercicios só serán efficaces se se realizan despois do estudo diario da materia impartida.
  - \* É moi conveniente que as lecturas se fagan de forma reflexiva, reparando no uso da linguaxe. Deste xeito, pódese obter un coñecemento """"intuitivo"""" da lingua, que ten gran rendemento á hora de fixar na mente as formas e as estruturas correctas dun idioma.
  - \* Practicar a expresión oral resulta indispensable. Os galegofalantes han de evitar a enganosa suficiencia derivada da práctica oral do idioma, pois nun rexistro formal é indispensable unha fala depurada de dialectalismos, castelanismos e vulgarismos. Na avaliación desta destreza conta tanto a fluidez como a corrección.
-